

## RISCOS DERIVADOS DO USO DA APILADORA:

- Atropelo de persoas.
- Envorcadura do elevador.
- Caída da carga transportada.
- Caída da carga almacenada.
- Choque con outros vehículos.
- Atrapamento con órganos móbiles da apiladora.
- Explosión pola carga da batería

## CONSIGNAS DE SEGURIDADE:

### CONSIGNAS XERAIS DE UTILIZACIÓN

- Non se poderá transportar a persoas, nin elevalas sobre as pinzas ou materiais transportados nelas.
- Nunca se utilizará para empurrar ou remolcar outro vehículo.
- Deberase dispor dun lugar específico para aparcар cando non estea en uso, onde non poida producir danos.
- Non traballe nunca cun apilador defectuoso. Poña en coñecemento dos seu xefe inmediato calquera anomalía que observe.



### MANTEMENTO

- Todas as tarefas de mantemento se farán co motor parado e por persoal especializado.
- Comprobar periodicamente: os freos, dirección, avisadores, iluminación, reguladores, válvulas de descarga do circuíto de elevación e mecanismos de inclinación e elevación. Tamén se fará o mesmo cos circuítos hidráulicos, en especial o concernente a fugas interiores ou exteriores.
- Non quitar nunca as proteccións das partes móbiles co motor en marcha.

### CIRCULACIÓN

- Colocar a carga baixa, que permita a visión cara adiante.
- Circular sempre a velocidade moderada, tomar as curvas con precaución.
- Prohíbese a circulación ou invasión dos corredores destinados ao uso peatonal.
- Non circular coa carga levantada. Levar a carga a 15 cm do chan. Se circula descargado leve as pinzas baixas
- Prohibido virar se a carretilla se encontra en pendente, nas pendentes é obrigatorio circular en liña recta.
- Reducir a velocidade nos cruces en previsón de golpear a algún compañeiro.




### APILAMENTO DE PALETS

- Vixiar a verticalidade do almacenamento.
- Os apilados deben ser estables, de altura razonable e realizarse sobre superficie resistente e horizontal.
- Non almacenar produtos que sobresaian da vertical da fíla.
- Non empurrar as cargas almacenadas coas que se pretende almacenar, para facer ocos.


## EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- **Traxe:** Mono de mangas, adaptado ás condicións climáticas, deberanse evitar petos exteriores susceptibles de enganches cos mandos.
- **Luvas:** Resistentes e flexibles para non molestar á conducción.
- **Calzado:** De seguridade con punteiras metálicas e coas solas antiesvaradías, cando ademais o operario no seu posto de traballo debe efectuar operacións de manutención manual
- **Casco:** É aconsellable levar casco de seguridade, en caso de risco de desprendemento de obxectos ou cargas, sobre o traballador.



## CARGA E DESCARGA

• Revisar a placa de referencia e asegurarse de non exceder nunca a capacidade estipulada pola apiladora.



• A manipulación das cargas farase

respetando sempre as instrucción do fabricante; en todos os casos, seguiranse os pasos seguintes (ver debuxo).

- Recoller a carga, introducindo as pinzas a fondo para que a carga quede o máis próxima posible ao mastro.
- Situar a apiladora fronte ao lugar previsto e en posición precisa para depositar a carga
- Elevar a carga uns 10 cm por enriba da altura do almacenamento, mantendo a apiladora freada.
- Avanzar o elevador ata que a carga se encontre sobre o lugar de descarga.
- Situar as pinzas e depositar a carga.
- Mover a carretilla cara atrás, separándose lentamente e mirar sempre no sentido da marcha.
- Coa carretilla parada, baixar as pinzas.
- Para baixar a carga, realizaranse as mesmas operacións anteriores pero á inversa.

Nota: Non permita que ninguén se sitúe preto da carga levantada e moito menos que circule debaixo dela.

## CARGA DA BATERÍA

- Seguir as instrucións de carga das baterías ofrecidas polo fabricante (en canto a tensión, temp, tempo...)
- Manter despexada e ventilada a zona de carga das baterías.
- Non achegar chamas ou faíscas ás baterías.
- Non deixar ferramentas nin obxectos metálicos enriba das baterías.
- Ao substituír unha batería desconectar en primeiro lugar o borne negativo (masa).
- Ao instalar unha batería conectar o borne positivo en primeiro lugar.
- Levar sempre os bornes da batería secos e protexidos.
- Apertar adecuadamente as abrazadeiras dos bornes e mantelas cubertas cunha lixeira capa de vaselina filante.
- Interromper o circuíto de carga antes de quitar as pinzas dos bornes.
- Na apiladora, levar sempre a tapa do cofre en boas condicións e cerrada.

